



BASES DO X CONCURSO DE ENTROIDO 2021




PRIMEIRA

Co obxectivo de consolidar o Entroido como unha festa de tradición popular, potenciando a participación da cidadanía, tanto do núcleo urbano como do rural, dunha forma activa e divertida, a Concellería de Cultura e Deportes organiza o X Concurso de disfraces 2021, que terá lugar de maneira virtual entre o 12 e o 17 de febreiro de 2021 nas redes sociais do Concello, por mor da Covid-19 e para garantir as debidas medidas sanitarias e de seguridade.

SEGUNDA. - Participantes


Poderán presentarse ó concurso tódalas persoas que, ben de maneira individual, ben por grupos de conviventes, así o desexen e efectúen a súa inscrición, achegando as súas propostas entre o venres 12 e o mércores 17 de febreiro de 2021 ás 14:00h.

Atendendo ás características dos/as participantes establécense as seguintes categorías:


-  **CATEGORÍA INDIVIDUAL INFANTIL:** para participantes ata os 15 anos.
 -  **CATEGORÍA INDIVIDUAL ADULTOS:** para participantes a partir dos 16 anos.
 -  **CATEGORÍA BURBULLA:** para 2 ou máis persoas conviventes.
- Será obrigatorio o uso de máscara aínda que o disface cubra a cara.

TERCEIRA.- Modalidades

As modalidades para inscribirse son:

-  **FOTOGRAFÍA:** Consiste na presentación dunha fotografía da/s persoa/s participante/s caracterizada/s de Entroido nun lugar do Concello de Begonte público ou privado.

En canto ás características formais, deberá estar identificada cun título (composto polo nome da actuación e o da persoa solicitante) e adxuntarse en formato JPG ou PNG.

-  **AUDIOVISUAL:** Mediante a presentación dun vídeo relacionado coa temática do Entroido, cunha duración máxima de 60 segundos.

Igual que na categoría anterior, deberá ser gravado nun lugar do Concello de Begonte e estar provisto dun título (composto polo nome da actuación e o da persoa solicitante). Non obstante, con respecto ó formato deberá adxuntarse en formato MP4.

Só se poderá participar nunha modalidade co mesmo disface; no caso de incumprimento quedará descalificado do Concurso.





CUARTA.- Inscripcións

O formulario para realizar a inscrición está dispoñible na web en <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade>, no Taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](#).

Existen dúas opcións de presentación de inscricións:

1. Presencialmente nas oficinas municipais no Rexistro Xeral do Concello de Begonte cubrindo o **Anexo I Inscripción**, máis:
 - Para participantes na modalidade de FOTOGRAFÍA, deberase entregar unha copia da imaxe en formato dixital no momento da formalización da solicitude.
 - Para participantes na modalidade AUDIOVISUAL, deberase enviar o vídeo en cuestión mediante Whatsapp ó número 619 455 026.
2. Electronicamente en <https://begonte.sedelectronica.es/dossier.1>, premendo en [Procesamento electrónico \(tramitación electrónica\)](#) da opción **Inscrición concurso de disfraces**, descargando o Anexo I Inscripción, cubríndoo e achegando (cargando) o documento da solicitude.

Para a presentación das solicitudes electronicamente poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Begonte, incluído o sistema de usuario e clave ([http://clave.gob.es/clave Home/registro.html](http://clave.gob.es/clave/Home/registro.html)).

- Para ámbalas modalidades, tanto as fotografías como o vídeo que sexan entregados de maneira electrónica, serán achegados coa propia solicitude.

O prazo improrrogable de presentación de inscricións rematará o mércores 17 de febreiro de 2021 ás 14:00h.

QUINTA.- Requisitos

Tódalas modalidades deberán nomear a un representante legal maior de idade, para realizar tódolos trámites.

A titularidade da persoa solicitante debe coincidir coa titular da certificación bancaria.

SEXTA.- Mecánica do concurso

O concurso terá lugar de maneira virtual entre o 12 e o 17 de febreiro de 2021 nas redes sociais do Concello.

Unha vez recibida toda a documentación, debidamente cuberta e asinada, o número de rexistro asignado a cada proposta definirá a orde de publicación.

Cunha marxe de 24/48 horas dende a súa recepción, as achegas dos/as participantes subiranse ás redes sociais do Concello de Begonte (Facebook, Twitter e Instagram) no período mencionado.

Todas as propostas serán valoradas polo xurado que, conforme ós criterios establecidos no punto sétimo destas bases, decidirán os/as premiados/as de cada categoría á excepción do premio das RR.SS., no que o vídeo ou fotografía que máis reaccións acadou ó final do concurso (23:59h do mércores 17 de febreiro), será o/a gañador/a.





As propostas gañadoras comunicaranse o venres día 19 de febreiro nas redes sociais do Concello de Begonte así como na páxina web www.concellodebegonte.es.

SÉTIMA- Xurado

O xurado estará formado por 3 persoas de diferentes ámbitos, propostas pola Concellería de Cultura e Deportes e como secretario/a, un representante do Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das bases.

O xurado á hora de valorar, terá en conta os seguintes criterios por modalidade:

MODALIDADE INDIVIDUAL

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).

MODALIDADE BURBULLA

- Confección dos traxes e complexidade da posta en escena (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces e outros elementos (de 1 a 5 puntos).
- Maquillaxe (de 1 a 3 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 2 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 60 segundos, non serán admitidas.

Daranse por nulos os concursantes que repitan disfraces de anos anteriores; da mesma maneira aquelas propostas que poidan ser consideradas ofensivas, discriminatorias ou despectivas serán descualificadas do concurso.

O fallo do xurado será inapelable.

OITAVA.- Premios

Para este concurso establécense os seguintes premios:

	Fotografía			Audiovisual		
	Individual Infantil	Individual Adulto	Burbulla	Individual Infantil	Individual Adulto	Burbulla
1º premio	80	80	120	100	100	200
2º premio	60	60	90	80	80	150
3º premio	45	45	75	60	60	100
4º premio	30	30	50	40	40	75
5º premio	20	20	35	25	25	50
RR.SS.	50			50		





Só se pode optar a un dos premios de cada categoría. En caso de que unha proposta sexa gañadora dun dos premios e o número de reaccións lle outorgue o premio das RR.SS. simultaneamente, o premio das redes sociais pasará ó/á seguinte participante máis votado en ditas redes sociais.

A efectos de votación soamente se contabilizarán os da rede social Facebook, contando todas as reaccións (Gústame, impórtame, encántame, divírteme, asómbreme, entristéceme, enfádame).

O Xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria.

Os premios outorgaranse a cargo da aplicación orzamentaria 334.226 do Presuposto Municipal do exercicio 2021.

A resolución de concesión dos premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

NOVENA- Autorización do dereito de uso da imaxe e datos

En cumprimento ó disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos.

Tódolos/as participantes polo feito de inscribirse, autorizan ó Concello de Begonte a utilizar as fotografías e vídeos entregados para o Concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

DÉCIMA.- Aceptación das bases

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.





CONCELLO DE BEGONTE

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1
27373 Begonte
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027
Email: info@concellodebegonte.es

ANEXO I INSCRIPCIÓN CONCURSO DE ENTROIDO 2021	Nº REX:
--	----------------

DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DO MENOR OU DO GRUPO

Apelidos	Nome	DNI
----------	------	-----

Enderezo	Achega fotocopia DNI (obligatorio): <input type="checkbox"/>
----------	--

Concello	Código postal	Móbil	Correo electrónico
----------	---------------	-------	--------------------

Nº de conta (a efectos de pago no caso de que resulte gañador/a)	Achega certificado de conta bancaria (obligatorio): <input type="checkbox"/>
--	--

INDIQUE A MODALIDADE NA QUE SOLICITA INSCRIBIRSE

INDIVIDUAL :

INFANTIL ADULTO FOTOGRAFÍA VÍDEO

TÍTULO:

NOME DA PERSOA PARTICIPANTE:

UBICACIÓN DA PROPOSTA

BURBULLA (2 ou máis persoas conviventes) :

FOTOGRAFÍA VÍDEO

TÍTULO:

NOME DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

.....

UBICACIÓN DA PROPOSTA

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE COA SINATURA DESTA SOLICITUDE

- Declara que leu e acepta as bases do Concurso de Entroido 2021.
- Autoriza a participar ó/s menor/es no Concurso de Entroido do Concello de Begonte 2021 .
- Declara a veracidade dos datos que figuran neste anexo e autoriza ó Concello de Begonte a solicitar ou verificar os datos que estime oportunos en relación á solicitude presentada.
- Autoriza ó Concello de Begonte a realizar notificacións do Concurso de Entroido a través de SMS, Whatsapp e/ou e-mail.
- Autoriza a utilizar as fotografías e vídeos enviadas para a participación no concurso de Entroido e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable.
- Foi informado/a de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.
- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

En a de de 2021.

Sinatura do solicitante

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE



Cod. Validación: 5PKKZCF64HPYJ97EY39H5ZAC | Corrección: https://begonte.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5